



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO



### Xunta e Fegamp crean un grupo de traballo que reformulará os criterios das axudas destinadas á mellora da empregabilidade que se conceden aos concellos

- Beatriz Mato e Carlos Fernández mantiveron unha xuntanza na que abordaron a tramitación das liñas de colaboración, en materia social e de emprego, da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais
- Neste encontro, aborouse a creación dun grupo de traballo que establecerá os novos parámetros que rexerán nun futuro as achegas outorgadas pola Xunta ás corporacións locais a través dos plans de cooperación
- A conselleira informou do estado da tramitación do decreto dos servizos sociais comunitarios que regulará as transferencias de financiamento en materia social a partir do próximo exercicio



### A nova carteira de servizos de atención á dependencia transforma o modelo de atención, baseado ata o momento en centros, e rompe a barreira da idade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou este novo modelo de atención que pasa a ser baseado en servizos, co obxectivo de ofrecer “un traxe á medida” para as persoas dependentes

### A Xunta pon en marcha o programa “Emprende” para apoiar á mocidade emprendedora de Galicia e norte do Portugal

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou hoxe en Tui esta iniciativa, que dá o relevo ao anterior programa “Espazo Xuvenil”

#### Informe do paro rexistrado

**O paro baixou en Galicia en 4.584 persoas, un descenso do 1,84%, unha porcentaxe superior á media do Estado**

#### EPA

**Galicia rexistrou unha taxa de paro do 17,69% (EPA 1º trimestre do INE)**

| Sumario                    |       |
|----------------------------|-------|
| Diálogo social             | 2-3   |
| Formación-emprego          | 4-5   |
| Informe do paro rexistrado | 4     |
| Seguridade e saúde laboral | 6-7   |
| Familia e benestar         | 8-9   |
| Dependencia                | 10-11 |
| Xuventude                  | 12-13 |
| Normativa                  | 14-24 |

| Créditos      |                                       |
|---------------|---------------------------------------|
| Edita:        | Consellería de Traballo e Benestar    |
| Elaboración:  | Sección de Publicacións e Estatística |
| Coordinación: | Pepa Dabán Royo                       |
| Maquetación:  | Antonio Lameiro Ces                   |

## A Xunta, os sindicatos e a patronal continúan avanzando no Diálogo Social con 9 preacordos máis, que se suman aos 15 acadados o pasado verán

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento de Galicia para dar conta da evolución do proceso do diálogo social, no que xa se acadaron 15 acordos e 9 preacordos
- ▶ Na súa intervención, precisou que “o grao de desenvolvemento dos primeiros acordos demostra que estamos ante compromisos reais, asumidos polos axentes sindicais e empresariais, e pola Xunta”
- ▶ Destacou que un dos consensos acadados no eido do fomento da empregabilidade permitiu o apoio de máis de 22.000 contratos laborais ao longo de 2010
- ▶ Con respecto á correcta clasificación dos demandantes de emprego, adiantou que os novos perfís “exhaustivos” estarán completos o próximo mes de xuño
- ▶ Ademais, a titular do departamento autonómico salientou que os máis de 1.500 avais concedidos polo IGAPE á Pemes galegas permitiron o mantemento de máis de 16.000 empregos
- ▶ Xa no eido social, fixo fincapé en que Galicia será a primeira comunidade que someterá a súa xestión da dependencia á análise dos axentes sociais
- ▶ Así mesmo destacou a transformación da RISGA que permitirá que esta renda sexa “unha porta aberta” ao mercado laboral

Santiago, 26 de abril de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu que a “boa marcha” do proceso de diálogo social en Galicia é unha mostra máis da “solvencia” e “fiabilidade” da Comunidade autónoma. “A Xunta está a facer todo o que está nas súas mans para xerar confianza e volver á senda do crecemento”, subliñou.

A titular do departamento autonómico realizou estas declaracións na súa comparecencia no Parlamento de Galicia para dar conta da evolución do proceso de diálogo social. Ao respecto, lembrou que ata agora o “traballo conxunto” de axentes sociais e económicos –CCOO, UGT-Galicia e CEG- e da Xunta permitiu acadar 15 acordos e 9 preacordos.

Estes consensos foron froito de máis de 150 reunións, cunha media de dúas ou tres xuntanzas cada semana. Para avanzar nesta senda, téñense constituídas 4 mesas técnicas xerais e outras tres sectoriais. En todas elas acadáronse acordos.

Na súa intervención, Mato fixo un repaso polo estado dos 15 acordos asinados en xullo de 2010, e dos 9 preacordos ratificados en marzo deste ano. Neste sentido, considerou que o “grao de desenvolvemento dos 15 primeiros acordos demostra que estamos

ante compromisos reais, asumidos tanto polos axentes sociais como pola Xunta”.

A conselleira resaltou varios acordos, entre outros, salientou especialmente as 22.000 contratacións apoiadas a través das políticas activas de emprego; a nova clasificación dos demandantes de emprego, que rematará en xuño; os máis de 1.500 avais concedidos polo IGAPE que permitiron o mantemento de ao redor de 16.000 empregos; e o sometemento da xestión da Lei de dependencia á análise dos axentes sociais e económicos, o que demostra o compromiso de “transparencia” do Goberno galego.

### Os 15 acordos de xullo

A conselleira referiuse inicialmente aos 15 acordos asinados o 30 de xullo de 2010. En concreto, salientou a liña de fomento de empregabilidade, de contratación e de estabilidade, que definiu os colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego da Xunta. En total, seguindo o fixado neste acordo, ao longo de 2010 a Xunta apoiou a sinatura de máis de 22.000 contratos laborais. Unha liña de actuación que, ademais, se reedita en 2011.

O pasado verán acordouse

tamén a modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, co fin de reforzar a súa capacidade intermediadora e de acadar unha “axeitada” clasificación dos demandantes de emprego, entre outros obxectivos. Segundo precisou a titular do departamento autonómico, esta actuación está dotada con 52,5 millóns de euros ata 2013, isto é, 7,5 millóns de euros ao ano.

No que se refire ao estado actual deste acordo, Mato adiantou que nestes momentos máis dun 80% dos demandantes de emprego están clasificados tras elaborar un perfil exhaustivo a través de entrevistas personalizadas de todos eles. Este proceso, dixo Mato, estará completo o próximo mes de xuño. Cualificou esta actuación como unha “garantía da mellora da intermediación”, xa que “permite que ningún demandante quede excluído dunha determinada oportunidade laboral por non ter un correcto coñecemento das súas características e capacidades”.

O terceiro acordo fixado en xullo refírese á formación para o emprego, que aposta por vincular as actividades formativas cos certificados de profesionalidade. Deste xeito, os novos cursos –este acordo xa está reflectido na orde de formación de decembro de 2010- garanten “a adecuación ás

necesidades do mercado laboral e, por outra, a obtención dun certificado de profesionalidade con validez en todo o territorio estatal”. Neste eido, Mato salientou a importancia da posta en marcha de bolsas económicas para as persoas beneficiarias dos cursos cuxos ingresos familiares sexan inferiores ao 75% do IPREM.

Neste ámbito de actuación, Mato destacou a posta en marcha doutras iniciativas da Consellería, como a convocatoria de probas de acreditación de competencias clave –competencias básicas que permiten o acceso a cursos de formación certificada-, na que xa se teñen acreditado máis de 2.000 persoas; ou a convocatoria do recoñecemento de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, que acreditará na primeira convocatoria a 800 persoas en atención sociosanitaria.

O cuarto acordo, no que fixo especial fincapé Mato, senta as bases para elaborar a Lei galega de inclusión social e, para crear, unha nova renda de inclusión social de Galicia (RISGA). Deste xeito, preténdese dotar ao colectivo de persoas en risco de exclusión dunha ferramenta específica e práctica de inserción, que permita o “abandono efectivo” da situación de risco. Actualmente, esta Lei está en fase

de debate do texto articulado na Mesa do Diálogo Social.

### **Avais para o mantemento do emprego**

O pasado verán tamén se suscribiu no seo do diálogo social o Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014, que xa se está desenvolvendo a través do plan de actividades anual do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

O sexto acordo centrouse en mellorar as ferramentas de financiamento e, de feito, baseouse na mellora da xestión e área de financiamento do IGAPE. Entre outros avances, froito destes acordos, a Xunta de Galicia xa reduciu os tempos medios de pagamentos a empresas a 45 días, así como os tempos de resolución. En ambos casos, preténdese avanzar aínda máis na súa axilización neste exercicio.

Ademais, as axudas do IGAPE aos investimentos empresariais incrementáronse nun 18,7 por cento; e os máis de 1.500 avais concedidos ás Pemes galegas permitiron o mantemento de máis de 16.000 empregos. Todo isto, precisou Mato, “tendo en conta o equilibrio territorial. Porque grazas aos plans Impulsa Lugo e Ourense, o 53 por cento das operacións aprobadas en grandes investimentos foron para esas provincias”.

O sétimo acordo avanzou tamén por este camiño de apoio empresarial, pero centrado na internacionalización. Así, partindo do consenso do diálogo social, as axudas concedidas polo IGAPE para a internacionalización aumentaron en 2010 nun 162 por cento.

Ademais, en xullo de 2010, chegaron tamén a outros acordos en materia de modernización tecnolóxica e simplificación das cargas administrativas, co obxectivo de que en 2013 o 100 por cento das axudas da Xunta sexan tramitadas telematicamente e que, en 2012, todos os procedementos

administrativos entre a Xunta e os concellos se tramiten por esta vía. Neste acordo, incluíuse tamén o Plan de Banda Larga 2010-2013.

O noveno acordo asinado ten que ver con propostas en materia de I+D+i. Neste sentido, as solicitudes aprobadas polo IGAPE para mellorar a competitividade das empresas galegas creceron nun 281 por cento; e os investimentos en Pemes, baixo o programa Remaxina, incrementáronse nun 415 por cento.

Chegouse tamén a un consenso para a xestión conxunta do programa Empregatex, dotado con 3 millóns de euros para o período 2010-2012. Trátase dun plan de apoio aos traballadores afectados pola crise do téxtil, baseado na atención individualizada. Ao abeiro desta iniciativa realizáronse entrevistas de orientación a máis de 500 persoas e analizáronse as ocupacións cun maior potencial de inserción. O obxectivo de inserción está marcado no 60 por cento dos participantes. Actualmente, algo máis do 10 por cento -60 persoas- xa atoparon un novo emprego ao abeiro deste programa.

Tamén en xullo, o undécimo acordo referiuse a pactar unha visión estratéxica do sector téxtil. No mesmo mes, ratificáronse tamén os principios inspiradores do Plan de Ordenación do Litoral, aprobado no Consello da Xunta o pasado mes de febreiro, ou os eixos de actuación en materia de vivenda.

O 14 e 15 acordo baseáronse na constitución do Consello Galego de Benestar Social e da Mesa Galega de Servizos Sociais. Os decretos reguladores destes dous órganos están en tramitación actualmente e serán levados á próxima Mesa do Diálogo Social.

### **Os 9 preacordos de marzo**

O diálogo social é un proceso “vivo”, destacou Mato, polo que desde que se asinaron os 15 acordos, continuouse traballando ata chegar a estes novos 9 preacordos

que se ratificaron en marzo deste ano. Ademais, a conselleira avanzou xa que desde o Goberno da Xunta seguiremos “poñendo todo o empeño” no avance das mesas de negociación.

Un dos novos preacordos ratificado en marzo refírese ao decreto que crea o Consello Autonómico de Emprego, os consellos provinciais e os comités territoriais de emprego, que substitúen aos Pactos territoriais de emprego. Estes comités estarán adscritos ás zonas de influencia das oficinas de emprego da Xunta.

Tamén se aprobou un programa de atención personalizada e acompañamento aos desempregados menores de 30 anos e a aqueles de máis idade que non reciben servizos por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia. En total, ambos colectivos suman un total de 54.000 galegos e galegas, que irán recibindo atención personalizada adecuada ao seu perfil e que, polo tanto, serán orientados cara sectores con posibilidades de emprego.

O terceiro preacordo asinado este ano pasa por fomentar a consolidación do emprendemento a través dunha serie de medidas como a rede de asesoramento. Ademais, chegaronse a acordos relativos á reactivación do sector da automoción de Galicia –no que se fixaron áreas estratéxicas de actuación–; así como do sector naval, no que, entre outras actuacións, estableceuse a implantación do “Selo naval”.

A Xunta e os axentes sociais e económicos acadaron tamén consensos en materia

de infraestruturas hidráulicas e traballos medioambientais para o período 2010-2013. Todas estas accións contarán cun investimento superior aos 508 millóns de euros. Así, tamén se chegou a un acordo para a xestión de residuos urbanos e industriais de Galicia, dotado cun orzamento de 510 millóns de euros para o período 2010-2020.

Por último, Mato quixo facer unha especial mención aos dous preacordos acadados en materia de dependencia e discapacidade. Neste sentido, destacou que “Galicia é a primeira comunidade que somete a súa xestión da dependencia á análise dos axentes sociais e económicos”. Isto é mostra, engadiu, da “transparencia na xestión”. Ademais, neste mesmo acordo, establecéronse obxectivos operativos, así como medidas e indicadores de seguimento do nivel de execución.

Ao respecto, a conselleira fixo fincapé no esforzo orzamentario da Xunta na aplicación da Lei de dependencia, e recordou que nos últimos 4 anos a Xunta investiu na atención á dependencia 622 millóns de euros, fronte aos 312 do Estado. “Deses 622 millóns de euros, o 77 por cento foi achegado polo actual goberno, desde o ano 2009”, apuntou.

No que se refire ao seguimento do Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, a titular de Benestar subliñou que o actual Goberno da Xunta foi o primeiro en acadar o consenso para aprobar un proxecto integral para este colectivo.



[http://traballo.xunta.es/descargas/Dialogo\\_social\\_acordos.pdf](http://traballo.xunta.es/descargas/Dialogo_social_acordos.pdf)

## O paro baixou en Galicia en 4.584 persoas, un descenso do 1,84%, unha porcentaxe superior á media do Estado

Santiago, 4 de maio de 2011.- O paro rexistrado en Galicia baixou no mes de abril en 4.584 persoas, o que supón unha diminución relativa do 1,84 por cento. Deste xeito, o número de persoas desempregadas na comunidade autónoma situouse en abril nun total de 244.662.

Así o sinalou en rolda de prensa a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López. Durante a súa intervención, lembrou que o descenso do paro rexistrado en Galicia é "lixeramente superior" ao rexistrado no Estado.

En concreto, o paro baixou na media do territorio estatal nun 1,48 por cento (frente ao 1,84 de Galicia), o que supón unha baixada en termos absolutos de 64.309 persoas, e sitúa o desemprego nun total de 4.269.360 persoas.

Se se ten en conta a comparativa por comunidades autónomas, Galicia é a "cuarta comunidade autónoma onde máis diminúe o paro en termos mensuais", apuntou Díaz López.

Con todo, a responsable autonómica fixo fincapé en que "hai que ser prudentes" e insistiu en que "non se pode falar polo momento de cambio de tendencia", xa que o mes de abril é "tradicionalmente bo", polo que apostou por esperar a observar a evolución de todo o ano.

De todos modos, destacou que o descenso deste mes de abril (4.584 persoas desempregadas menos) "é superior ao rexistrado no mesmo mes dos últimos nove anos e, en concreto, de case o dobre con respecto á diminución detectada no mesmo período do ano pasado –entre marzo e abril de 2010-, cando o paro baixou en 2.533 persoas

frente aos 4.584 deste exercicio".


Con respecto á evolución interanual, Díaz López destacou que os datos seguen a confirmar a contención na destrución de emprego. Deste xeito, concretou que en Galicia o número de persoas desempregadas aumentou, en termos interanuais, en 10.746 persoas, o que supón unha porcentaxe do 4,59 por cento. Pero este aumento redúcese á metade se se compara coa evolución interanual do anterior exercicio (abril/2009 a abril/2010), período no que o incremento do desemprego interanual foi de 23.254. "Isto é, o ano pasado a evolución interanual era de máis do dobre", resumiu.

Por sectores, o desemprego descendeu en todos eles, agás na agricultura e na pesca, onde aumentou en 15 persoas. O sector servizos foi o

que rexistrou unha maior baixada (-3.150 persoas), seguido polo colectivo sen emprego anterior (-1.075), pola industria (-260), e pola construción (-114).

O paro rexistrado en abril baixou, ademais, en todas as provincias galegas. A maior diminución rexistrouse na Coruña (1.591 parados menos); seguida por Lugo (-1.228 persoas), por Pontevedra (-1.105); e por Ourense (-660).



Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de abril un total de 49.991 contratos, 1.599 menos que no mes anterior. Deste total, 4.982 foron indefinidos (9,96 por cento) e 45.009 temporais (90,04%). Isto supón unha taxa de estabilidade maior que na media do Estado, onde a porcentaxe de contratos indefinidos foi do 9,06 por cento, fronte ao 9,96 de Galicia.



|                  | Parados mes      | Variación relativa mes anterior |         |
|------------------|------------------|---------------------------------|---------|
| Illes Balears    | 82.626           | -6,24                           | 60.000  |
| Navarra          | 43.790           | -3,34                           | 50.000  |
| A Ríoxa          | 23.339           | -3,05                           | 40.000  |
| Estremadura      | 121.086          | -2,37                           | 30.000  |
| Asturias         | 85.710           | -2,31                           | 20.000  |
| Andalucía        | 932.107          | -2,05                           | 10.000  |
| Castela e León   | 199.580          | -1,97                           | 0       |
| Galicia          | 244.662          | -1,84                           | -10.000 |
| Cantabria        | 46.532           | -1,82                           | -20.000 |
| Canarias         | 256.773          | -1,70                           |         |
| Murcia           | 135.299          | -1,60                           |         |
| Cataluña         | 601.541          | -1,59                           |         |
| Aragón           | 97.800           | -1,05                           |         |
| Castela-A Mancha | 215.621          | -0,98                           |         |
| Madrid           | 479.070          | -0,61                           |         |
| Valencia         | 530.006          | -0,43                           |         |
| Meillla          | 10.272           | 0,96                            |         |
| País Vasco       | 153.155          | 1,06                            |         |
| Ceuta            | 10.391           | 4,61                            |         |
| <b>TOTAL</b>     | <b>4.269.360</b> | <b>-1,48</b>                    |         |

**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**

(Mes en curso – igual mes do ano anterior)





## EPA


## Enquisa de poboación activa (EPA)

A enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é de 65.000 familias ao trimestre, quedando reducida na práctica a aproximadamente 60.000 familias entrevistadas de xeito efectivo que equivalen a unhas 180.000 persoas.

En Galicia hai 226,5 mil parados (Fonte: EPA 1º trimestre 2011 do INE), o que representa unha taxa de paro de 17,69 cunha taxa do 17,69 para os homes e 18,27 para mulleres. As taxas de paro por comunidades autónomas e sexo son as seguintes:

|                  | Homes | Mulleres | Total |
|------------------|-------|----------|-------|
| Illes Balears    | 11,27 | 12,01    | 11,61 |
| Navarra          | 12,59 | 14,39    | 13,40 |
| A Ríoxa          | 14,94 | 15,98    | 15,43 |
| Estremadura      | 14,88 | 16,15    | 15,44 |
| Asturias         | 17,19 | 15,34    | 16,37 |
| Andalucía        | 16,68 | 18,08    | 17,33 |
| Castela e León   | 15,82 | 19,33    | 17,37 |
| Galicia          | 17,69 | 18,27    | 17,95 |
| Cantabria        | 17,55 | 18,94    | 18,20 |
| Canarias         | 19,66 | 18,23    | 19,01 |
| Murcia           | 19,07 | 25,63    | 21,79 |
| Cataluña         | 19,72 | 25,93    | 22,48 |
| Aragón           | 23,77 | 24,54    | 24,12 |
| Castela-A Mancha | 22,53 | 28,57    | 25,06 |
| Madrid           | 24,08 | 26,89    | 25,36 |
| Valencia         | 26,53 | 25,67    | 26,16 |
| Melilla          | 21,86 | 34,11    | 26,43 |
| País Vasco       | 29,07 | 27,85    | 28,52 |
| Ceuta            | 28,05 | 31,77    | 29,68 |
| TOTAL            | 20,76 | 21,94    | 21,29 |

Total nacional: 21,29



## Xunta e Fegamp crean un grupo de traballo que reformulará os criterios das axudas destinadas á mellora da empregabilidade que se conceden aos concellos

- Beatriz Mato e o presidente da Fegamp, Carlos Fernández, mantiveron unha xuntanza na que abordaron a tramitación das liñas de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais

Santiago, 6 de abril de 2011.- A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) acordaron constituír un grupo de traballo para reformular os criterios das axudas que a Xunta concede aos concellos para a mellora da empregabilidade. Así o fixaron hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o presidente da Fegamp, Carlos Fernández, na xuntanza que mantiveron hoxe en Santiago.

Mato e Fernández trataron en primeiro lugar a constitución deste grupo de traballo que será o encargado de formular os parámetros dos plans de cooperación, que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de

empregabilidade en todos os concellos de Galicia.

Mato destacou que estas subvencións que outorga a Xunta permiten cada ano aos concellos a contratación de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, así como a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio.

O grupo de traballo, que se constituirá "de inmediato", estará composto por tres técnicos da Fegamp e tres da Xunta. A proposta do departamento autonómico é que esta comisión valore a redacción dun documento que estableza as bases dos novos parámetros dos

plans de cooperación con entidades locais.

Así mesmo, Mato e Fernández abordaron o estado da tramitación do decreto dos servizos sociais comunitarios, cuxo primeiro borrador xa se entregou á Fegamp o pasado exercicio, polo que se regularán as transferencias de financiamento en materia social a partir do próximo exercicio.

A finalidade principal desta iniciativa é axilizar o máximo posible os trámites e os pagamentos das axudas da Xunta para financiar os servizos sociais dos concellos.

Na actualidade, o texto do decreto está a ser revisado polos departamentos da Xunta para que emitan os correspondentes informes, unha vez que a Consellería de Traballo e Benestar incorporou alegacións presentadas polas entidades sociais, sindicatos e concellos,

entre outros. Tamén hai que lembrar que o pasado mes de decembro se mantivo unha xuntanza con técnicos da Fegamp para estudar a nova versión do decreto, xa que Mato reiterou que a súa intención é aprobar este decreto "co máximo consenso".

O Plan Concertado ten por obxecto axudar os concellos para manter os servizos sociais dos que se encargan. En concreto, o financiamento destínase a: gastos correntes de retribución do persoal municipal que desenvolve os servizos sociais; gastos derivados da prestación do servizo municipal de axuda no fogar (tanto para persoas valoradas como dependentes, como para outras situacións de necesidade); e gastos derivados da xestión e execución doutros programas sociais, como pode ser o de desenvolvemento do pobo xitano.

# Seguridade e saúde laboral

## A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 23,26% no mes de marzo

- ▶ O descenso foi xeralizado en todos os sectores, sendo a pesca o que proporciona os mellores datos
- ▶ Por provincias, en todas descendeu o número de sinistros laborais, agás en Lugo

Santiago, 25 de abril de 2011.- A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 23,26% o pasado mes de marzo, período no que se produciron 2.795 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 3.642 ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 2.753 foron casos leves, 37 graves e 5 mortais.

O descenso foi xeralizado en todos os sectores. Os datos máis positivos proceden da pesca, cunha baixada do 34,23%; seguida da construción, cun descenso do 28,11%; dos servizos, cun 22,22%; da industria, cunha diminución de sinistros do 20,95% e da agricultura cun descenso do 13,33%.

Por provincias, encabeza a redución do número de sinistros laborais Pontevedra cunha porcentaxe do 33,99%, seguida da Coruña cunha diminución do 21,54% e Ourense cun 8,07% de descenso. Só Lugo presenta un lixeiro incremento do 1,66%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas.

Con este criterio, o índice de incidencia da sinistralidade diminuíu en marzo un 22,28%, sendo o sector da pesca o que presenta un comportamento máis favorable cunha redución do índice do 33,23%; seguido dos servizos, cunha diminución do 22,67%; da construción cun descenso do 21,16%; da industria cunha baixada do 18,96% e da agricultura onde a redución foi do 8,66%.

Considerando os resultados acumulados no que vai de ano, no conxunto do primeiro trimestre produciuse unha baixada da sinistralidade laboral en Galicia do 18,37%, cun total de 7.934 accidentes, fronte aos 9.719 no mesmo período de 2010.



## Traballo desenvolve máis de 20 de medidas novidasas para facilitar ás empresas o investimento en prevención de riscos laborais



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar inaugurou a xornada sobre 'Novidades técnicas e normativas en materia de seguridade e saúde laboral' que o ISSGA celebrou na Coruña

A Coruña, 27 de abril de 2011.- A Conselleira de Traballo e Benestar está a desenvolver este ano un total de 72 programas en materia de seguridade e saúde laboral a través do Plan Anual de Actividades do ISSGA. Esta iniciativa forma parte do Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 que arrancou este ano e foi acordada pola Xunta e axentes sociais no seo do diálogo social.

Máis de 20 actuacións deste plan son novidasas e teñen como obxectivo principal concienciar ás empresas da importancia de investir en prevención de riscos laborais. Así o asegurou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración da xornada 'Novidades Técnicas e Normativas en materia de seguridade e saúde laboral', que o ISSGA celebrou na Coruña con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo.

"Desde o primeiro momento o Goberno galego defendeu a necesidade de preservar a seguridade laboral pese a crise económica porque facer compatibles o dereito ao traballo e o dereito á vida é unha obriga de todos", apuntou.

A titular do departamento autonómico fixo fincapé nas vantaxes que as empresas adquiren ao investir nesta materia ao tempo que expuxo as principais actuacións que a Xunta está a desenvolver neste campo.

Así, Mato explicou que o Plan de Actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), aprobado o pasado mes de xaneiro pola comisión do Goberno do Instituto- está integrado por representantes da Xunta, a Confederación de Empresarios de Galicia e os tres sindicatos maioritarios de Galicia-, xira en torno a catro eixos principais: a mellora da coordinación entre as administracións competentes nesta materia, o reforzo na investigación das enfermidades profesionais,

o aprofundamento no asesoramento técnico ás pequenas e medianas empresas e aos autónomos e, por último, a ampliación do ámbito da investigación a outras tipoloxías de accidentes laborais e a novos segmentos de poboación.

Entre as medidas novidasas que se están a poñer en marcha, a titular de Traballo destacou a atención especial que o ISSGA está a facer no ámbito dos riscos ergonómicos e psicosociais.

Neste senso, indicou que o Instituto levará a cabo un estudo das condicións ergonómicas dos traballadores da pesca de baixura, un plan piloto de avaliación dos riscos psicosociais nos centros de traballo da Administración autonómica e un mapa de riscos ergonómicos en Galicia. Esta última medida terá como obxectivo analizar as situacións deste risco laboral segundo a actividade económica, incluíndo a perspectiva de xénero.

Outra das novidasas nas que está a traballar o departamento autonómico é en desenvolver unha aplicación para que as empresas poidan calcular os costes derivados da sinistralidade laboral. "Trátase dunha ferramenta directa, gráfica e útil para concienciar da importancia da prevención", subliñou Mato.

Así mesmo, apuntou que se porá en marcha un programa de protección para as mulleres embarazadas para verificar que nos centros de traballo se cómpre coas medidas previstas na normativa e incidiu nun plan de seguridade viaria laboral, que terá como finalidade o asesoramento ás empresas que contan con maiores índices de sinistralidade viaria.

"Todas estas actuacións permitirános seguir avanzando no noso obxectivo de instaurar en Galicia unha auténtica cultura da prevención porque investir na prevención de riscos é investir en futuro", afirmou.

# DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

No 2011, o 28 de abril, Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, ten unha especial significación en Galicia por ser o ano no que se inicia o “Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014”, froito do consenso acadado no marco do Diálogo Social.

Este plan cuadrienal, que se converte na folia de ruta a medio prazo, formula seis obxectivos estratéxicos que abranguen desde a promoción e o control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa ata a mellora do nivel do coñecemento, a análise e a investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

Nese contexto, desde a Xunta de Galicia, principalmente a través do Plan de Actividades 2011 do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), órgano no que teñen presenza cualificada a CEG, UGT de Galicia, SN de CCOO de Galicia e a CIG, estanse a desenvolver importantes actuacións en materia de prevención de riscos laborais. Entre elas, considéranse prioritarias a atención aos riscos psicosociais, as accións para a redución dos sobreesforzos polo seu elevado índice de sinistralidade, a investigación das enfermidades profesionais e o apoio ás pemes, micropemes e traballadores autónomos.

Especial mención merecen os programas destinados a sectores tradicionais e de forte implantación na nosa economía, como a pesca, o sector agro-gandeiro-forestal ou a minaría, cada un deles co seu propio perfil de risco, que hai que abordar desde a súa singularidade.

Cómpre, polo tanto, identificar as liñas de actuación en Galicia como un compromiso compartido por todos os actores implicados no mundo das relacións laborais e como unha responsabilidade conxunta cara a unha meta común, que non é outra, que a consolidación da cultura da prevención como solución fronte ás indesexables consecuencias dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

Todos estamos obrigados a ser persuasivos para entender o valor da prevención, mesmo ás xeracións máis novas antes da súa chegada ao mercado laboral. Neste eido, a Xunta xa iniciou a súa actividade a Escola Galega de Prevención, na que se aposta decididamente por inculcar o valor da prevención aos nenos e nenas, cun percorrido polos riscos aos que se enfrontan na rúa, na escola, no fogar, e para que nun futuro sexan traballadores e empresarios concienciados coa saúde laboral.

A actual conxuntura de crise económica mundial non pode ser unha escusa para reducir investimentos na seguridade no traballo. Non debemos baixar a garda, senón buscar a oportunidade de seguir avanzando no conseguido. Todos somos beneficiarios finais da prevención, porque todos somos traballadores, e máis que nunca debemos protexer e protexernos nestes tempos de cambio.

Dende as administracións públicas debemos simplificar o cumprimento polas empresas das súas obrigas nesta materia, pero deixando claro que simplificar debe ser sinónimo de “facilitar”, non de “rebaixar”, para construír unha sólida arquitectura da prevención, baixo o principio da corresponsabilidade, solidariedade e asumindo, cadaquén, as súas obrigas no centro de traballo.

Un tecido social que traballa en condicións sas e seguras reduce os custos económicos asociados aos accidentes e enfermidades profesionais e mellora a produtividade e competitividade das empresas. Pero, tamén reduce o sufrimento físico, ese que é tan difícil de avaliar porque non ten correspondencia económica.

O Goberno galego quere difundir, neste día conmemorativo da seguridade e saúde no traballo, a mensaxe de que, sen dúbida, investir en prevención de riscos laborais é rendible e necesario tamén en tempos de crise.



## O “Plan concertado” dispón por primeira vez dunha ferramenta informática para axilizar a tramitación



- ▶ A secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, mantivo unha xuntanza cos traballadores e traballadoras sociais da Coruña para explicarlles o funcionamento desta nova aplicación
- ▶ A responsable da área autonómica explicou que este instrumento axilizará o procedemento ao diminuír o número de requirimentos de emenda que ata o de agora se enviaban ás corporacións locais
- ▶ O coñecido como “Plan Concertado” financia con máis de 47 millóns de euros os servizos sociais comunitarios dos concellos, o plan de desenvolvemento do pobo xitano, e o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes

A Coruña, 13 de abril de 2011.- Os concellos dispoñen este ano dunha aplicación informática, en soporte web, para facilitar a elaboración dos formularios de solicitude do coñecido como Plan Concertado, que se ocupa de financiar os servizos sociais comunitarios dos concellos e do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, e que inclúe tamén o Plan de Desenvolvemento Xitano. A nova ferramenta está a disposición das corporacións locais no apartado recursos do portal de Benestar <http://benestar.xunta.es>.

A secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, informou os traballadores e

traballadoras sociais da Coruña desta novidade. Explicou que por primeira vez –desde o ano 1988, que se empezou a tramitar esta convocatoria anual de subvencións– os concellos dispoñen desta aplicación, que responde á necesidade de axilizar o procedemento, especialmente tendo en conta que moitos dos erros que había que depurar, logo de presentar a documentación, eran de carácter numérico. Isto xeraba retrasos á hora de poder resolver e, polo tanto, de abonar as cantidades asignadas aos concellos.

Por iso, López Abella sinalou que a Xunta decidiu deseñar esta aplicación, na que se

introducen os datos dunha única vez e na que os cálculos realízanse de xeito automatizado. Polo tanto, este instrumento permitirá unha correcta elaboración das solicitudes e axilizará o procedemento, ao diminuír, previsiblemente, o número de requirimentos de emenda que habería que enviar ás corporacións locais.

A responsable da área autonómica manterá xuntanzas nos próximos días cos traballadores e traballadoras sociais das outras provincias galegas: Ourense, Pontevedra e Lugo.

O coñecido como “Plan Concertado” financiará este ano de maneira inicial con máis de 47 millóns de euros os servizos sociais comunitarios dos concellos, o plan de desenvolvemento do pobo xitano, e o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes. As entidades locais poderán dispoñer de ata un 100 por cento de anticipo para facilitarlles ás corporacións locais a tesouraría suficiente para facer fronte aos seus servizos.

Esta iniciativa inscíbese na aposta do Goberno galego por apoiar os servizos sociais comunitarios, xa que son a primeira porta de entrada ao sistema público de servizos sociais para moitas persoas. De feito, estímase que durante 2010 as persoas usuarias destes servizos superaron ás 620.000 persoas, aínda que non se trata dun dato definitivo.

## A Xunta garante a prestación e financiamento do servizo de axuda no fogar a través do Plan Concertado

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar garante a prestación do servizo de axuda no fogar que prestan os concellos, a través do financiamento que achega a Xunta co denominado como “Plan Concertado”. De feito, o orzamento da Xunta para este plan mantense neste exercicio, fronte ao recorte do Estado do 12 por cento neste mesmo concepto.

O orzamento inicial que a Xunta destinará este ano ao ‘Plan Concertado’ ascende en total a 47 millóns de euros, dos que cando menos 23 van destinados ao citado servizo de axuda no fogar. Este “plan” encárgase de financiar os servizos sociais comunitarios de todos os concellos –incluídas as atencións no domicilio para persoas dependentes e

beneficiarias da prestación básica, e que inclúe tamén o Plan de Desenvolvemento Xitano.

Con todo, hai que precisar que estas contías son iniciais, o que quere dicir que este orzamento pode ser ampliado ao longo do ano segundo as necesidades presentadas nos distintos concellos galegos e a súa xestión. De feito, o pasado ano, a partida destinada ao Plan Concertado incrementouse nun 23% con respecto ao ano 2009.

O compromiso da Xunta cos servizos sociais está garantido e, polo tanto, desde o Goberno galego lamentase a alarma causada polas críticas referentes á prestación dos servizos sociais. Neste sentido, cabe apuntar que se están realizando estas críticas precisamente cando o Goberno central xa fixo

efectivo un recorte do 12 por cento na achega do Plan Concertado a Galicia este ano –que se suma a unha minoración progresiva dos seus fondos durante o último lustro chegando a un recorte superior aos sete millóns de euros, cifra que está a compensar a Xunta de Galicia, así como tamén recortou os fondos que achega para a aplicación da Lei de Dependencia nun 17%.

De feito, hai que salientar que a propia orde do Plan Concertado, publicada o día 29 no DOG, establece como prioritaria a axuda no fogar para persoas dependentes –en tanto son o colectivo máis vulnerable– e establece o mantemento dos servizos de axuda no fogar de prestación básica, isto é, aquela que non vai destinada a dependentes, senón a axudas puntuais a persoas

maiores. Neste punto e fronte ás críticas vertidas pola oposición, hai que precisar que se ben se priorizarán os servizos para as persoas dependentes, isto non significa que non existan novas altas para outros recursos durante este exercicio.

Cabe lembrar o esforzo que está a acometer a Xunta na axuda aos dependentes galegos, xa que no que vai de lexislatura triplicouse o número de atendidos. Polo tanto, é preciso continuar avanzando na posta en marcha de novos e mellores servizos para atender a este colectivo e ao aumento de usuarios. De aí, precisamente, a importante aposta da Consellería de Traballo e Benestar polo servizo de axuda no fogar para dependentes.



## Mato destaca que Benestar acertou o prazo de tramitación das axudas da Risga

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar indicou no Parlamento que na actualidade o prazo máximo de tramitación destas axudas é de 15 días, mentres que en 2009 chegaba aos 23
- ▶ A titular do departamento autonómico garantiu que os pagamentos destas axudas se efectúan en prazo
- ▶ Apuntou que o Goberno galego incrementou o orzamento da Risga nun 3 por cento con respecto ao ano 2010 e que está a modificar a Lei de inclusión social para converter esta renda de inclusión "nun auténtico instrumento de inclusión para as persoas máis vulnerables"
- ▶ Resaltou que o crédito inicial destas axudas sempre é ampliable, polo que todos os solicitantes da Risga que cumpran cos requisitos esixidos reciben esta prestación

Santiago, 13 de abril de 2011.- O pagamento das nóminas aos perceptores das axudas da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga) estanse a efectuar en prazo. Así o

asegurou no Parlamento a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen destacou que Benestar vén de reducir os prazos de tramitación destas axudas en todas as

delegacións territoriais da Xunta a un prazo máximo de 15 días, mentres que en 2009 chegaba aos 23.

Mato explicou, así mesmo, que a tramitación e resolución das solicitudes novas depende tamén dos concellos. A valoración social dos expedientes corresponde ás corporacións locais, mentres que a resolución e o pagamento desta prestación é competencia da Xunta.

A conselleira fixo tamén fincapé no orzamento que o Goberno galego destina a estas axudas. Explicou, ao respecto, que a Consellería de Traballo e Benestar incrementou a partida inicial destinada a estas subvencións nun 3 por cento con respecto a 2010. "O Goberno está

a reforzar a atención dos colectivos máis vulnerables e está a garantir, polo tanto, a atención ás persoas que están a sufrir esta crise", apostilou.

Indicou que o crédito inicial destinado á Risga nos orzamentos é ampliable. Por primeira vez, recóllese na Lei de orzamentos que esta partida se pode aumentar se é necesario. "Ningunha persoa que o necesite queda desatendida por este Goberno", destacou.

Así mesmo, a titular de Benestar lembrou que o Goberno galego está a tramitar a modificación da Lei de inclusión social para, entre outras actuacións, converter á Risga "nun auténtico instrumento ao servizo da inclusión social".

## A Xunta creará no centro Santiago Apóstol unha residencia e centro de día con 120 prazas que terán unha xestión pública



- ▶ A secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar, Cristina Ortiz, presentou en rolda de prensa a proposta de actuación para este centro
- ▶ A responsable autonómica garantiu que ningún traballador perderá o seu posto e que non haberá ningunha privatización do centro
- ▶ Esta solución supón adiantar a proposta inicialmente prevista, xa que este novo modelo estará funcionando xa no mes de setembro, mentres que o primeiro proxecto propoñía a solución de cara a 2012
- ▶ A nova reorganización permitirá a posta en marcha de dous centros especializados, cunha mellor atención para os usuarios: o colexio de Educación Especial María Mariño, e o Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña
- ▶ Grazas a esta remodelación, haberá máis prazas dispoñibles que o número de usuarios que hai actualmente e ampliarase a idade de atención máis aló dos 24 anos, que era o límite ata o momento

A Coruña, 7 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar creará no actual centro "Santiago Apóstol" unha residencia e un centro de día, que sumarán 120 prazas en total, e que terán unha xestión pública, con persoal propio da Xunta de Galicia. Esta solución estará xa operativa de cara ao vindeiro curso, isto é, en setembro deste mesmo ano.

A secretaria xeral do departamento autonómico, Cristina Ortiz, presentou na Coruña a proposta de actuación para este centro. Na súa intervención, salientou que esta planificación busca responder a todos

os intereses de todos os implicados: usuarios e familias, traballadores, e da propia Administración, que ofrecerá "máis e mellores servizos".

Antes de concretar a proposta, a responsable autonómica fixo fincapé en que a Xunta manterá os dous centros: o colexio de educación especial María Mariño, que estará adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; e o "Santiago Apóstol", que se transformará no "Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña" (CAPD).

Ortiz salientou que esta solución supón adiantar a proposta

inicialmente prevista, xa que este novo modelo estará funcionando xa no mes de setembro, mentres que o primeiro proxecto –presentado no mes de outubro pasado– propoñía a solución de cara a 2012. "Non tivemos inconveniente en revisar a primeira proposta, dado que xurdiu a posibilidade de poñer en marcha unha solución máis rápida", subliñou.

Esta reformulación responde á necesidade de adecuar a organización do centro á propia normativa, que establece que as persoas con discapacidade menores de 16 anos (sempre que non desexen seguir

estudando ata os 21 anos) deben estar no sistema educativo especial; mentres que os maiores desa idade deben depender da atención asistencial. Por iso, mantéñense os dous centros, e ubícase a cada usuario segundo as súas necesidades. Ademais, amplíase a idade de atención máis aló dos 24 anos, que era ata agora o límite, o que beneficiará tamén ás familias e as súas necesidades, xa que ata o momento, cando chegaban a esa idade, tiñan que deixar o centro.

# Dependencia

## A nova carteira de servizos de atención á dependencia transforma o modelo de atención, baseado ata o momento en centros, e rompe a barreira da idade



Santiago, 18 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha unha nova carteira de servizos sociais de atención dirixido ás persoas con dependencia, que pasará do modelo de atención actual baseado en centros a outro baseado nos servizos. Esta nova fórmula de organización permitirá tamén superar a barreira da idade na atención á dependencia, xa que ata agora existían dificultades administrativas para dar unha resposta adecuada ás necesidades dos menores de 65 anos con dependencia.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, presentou esta carteira de servizos, da que destacou que nace “tras un traballo profundo e do consenso coas entidades implicadas na atención social”.

Para explicar o cambio dun modelo baseado en centros a un fundamentado en servizos, a conselleira lembrou que “ata o momento, a autorización e acreditación dábase a un centro en concreto. A partir de agora acreditaranse os servizos e non os centros. É dicir, os diferentes centros poderán dar servizos de diferente natureza e adecuar estes ao grao de dependencia ou ás necesidades específicas das persoas”, un aspecto que, subliñou, “permitirá ampliar a oferta existente e optimizar os servizos”.

Deste xeito, unha residencia poderá, ademais da atención residencial básica, ofrecer servizos terapéuticos, de atención diúrna ou calquera outro para o que teña a autorización correspondente. Os centros que xa contan con autorización

continuarán coa mesma actividade, pero poderán acreditar novos servizos que poidan poñer en marcha.

Neste sentido, precisou tamén que por primeira vez se recoñecerán servizos específicos para as persoas con discapacidade diferenciada como, por exemplo, a enfermidade mental, o trastorno do espectro autista, ou o dano cerebral adquirido. Deste modo, xa non se presentan servizos dirixidos á discapacidade indeferenciadamente. “Isto permitiranos mellorar substancialmente ao adecuar a atención ás necesidades reais das persoas”.

En xeral, a carteira agrupa a súa oferta ao redor de servizos comúns e específicos. Para as persoas con dependencia, establécese unha carteira común con tres servizos esenciais: de prevención e promoción da autonomía persoal; de telesasistencia; e de axuda a domicilio. Por outra banda, para as persoas con dependencia derivada dunha determinada circunstancia –alzhéimer, trastornos de espectro autista...- establecerase un abano de recursos específicos (mantemento, rehabilitación, obrairos...).

Por outra banda, a conselleira fixo fincapé en que con esta nova carteira “cóbranse espazos de atención que antes tiñan unha difícil resposta administrativa. Rómpe-se,

por exemplo, a barreira da idade, saltando así moitos obstáculos administrativos existentes ata o momento”.

Para dimensionar este “importante cambio”, a titular do departamento autonómico lembrou que ata o momento os usuarios dos centros de atención á dependencia eran “ou maiores de 65 anos –con algunhas excepcións a partir dos 60- ou persoas con algún tipo de discapacidade”.

Esta organización causaba “disonfónías administrativas e de acceso aos centros” naqueles casos onde a dependencia -derivada dalgunha demencia ou doutro tipo de enfermidade- se daba en menores de 60 anos.

### Menú de servizos

Outra das novidades importantes deste novo modelo é que os usuarios terán acceso a un “menú de servizos flexible”, onde se poderán combinar os diferentes recursos existentes para a atención á dependencia, o que supón “un salto de calidade moi importante”, considerou Mato.

A conselleira adiantou tamén que esta nova carteira de servizos plasmarase nun decreto, co fin de que teña rango de norma e que, polo tanto, sexa de obrigado cumprimento.

## A Xunta pon en marcha un servizo de videointerpretación para persoas xordas no rexistro xeral e a través da súa web

- ▶ Esta prestación é unha das achegas tecnolóxicas ao Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013
- ▶ É unha iniciativa pioneira en España que está a impulsar a Confederación Estatal de Personas Sordas para eliminar as barreiras de comunicación entre persoas xordas e persoas oíntes

Santiago, 29 de abril de 2011.- A Xunta, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, puxo en marcha un sistema de videointerpretación

en lingua de signos para persoas xordas no Rexistro Xeral da Xunta e a través da portal corporativo. Este servizo, que permite acceder á mesma información que se

facilita a través do teléfono 012, estará dispoñible tamén nas delegacións territoriais da Administración autonómica na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol ao longo dos meses de maio e xuño.

Á posta en marcha do servizo asistiron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira e a vicepresidenta da Federación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), María del Carmen González.

Galicia é a segunda Comunidade

autónoma que ofrece o servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas con algunha discapacidade auditiva. É unha iniciativa que está a desenvolver a Confederación Estatal de Personas Sordas (á que está asociada a FAXPG) a través da plataforma SVisual. En Galicia o servizo ponse en marcha grazas ao convenio asinado o pasado mes de febreiro entre a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) e a Secretaría Xeral de Modernización.

## A Xunta achegou 622 millóns de euros de fondos propios na tramitación da Lei de dependencia durante os últimos catro anos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, referiuse así en rolda de prensa ao informe de balance da aplicación desta normativa realizado polo Goberno central, no que se cifra a achega do Ministerio a Galicia en 312 millóns de euros
- ▶ O total do orzamento destinado a dependencia nos últimos catro anos ascendeu en Galicia a preto de 940 millóns de euros, dos que 622 foron aportados pola Xunta –o 77% desta cantidade nos dous últimos anos–, o que significa dous terzos do total
- ▶ A titular do departamento autonómico concretou que, nos últimos dous anos, a Xunta atendeu a unha media de 1.200 persoas ao mes, o que supera o ritmo de entrada de solicitudes con dereito
- ▶ Mato subliñou que o investimento realizado polo Goberno central en Galicia “é unicamente froito do traballo da comunidade autónoma na aplicación da Lei”

Santiago, 18 de abril de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, sinalou hoxe que a Xunta leva investido na aplicación da Lei de dependencia durante estes catro anos un total de 622 millóns de euros, mentres que o Estado achegou 312 millóns durante o mesmo período de tempo.

A titular do departamento autonómico referiuse así ao informe de balance da aplicación desta normativa presentado polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, nos que precisaban a achega do Estado ás comunidades autónomas. En total, a cifra global de atención aos dependentes galegos nos últimos catro anos ascendería aos preto de 940 millóns de euros, sumando os 622 da Xunta e os 312 do Estado. “A achega quedaría así: un terzo o Estado, e dous terzos Galicia”, asegurou Mato.

“Estas cifras avalan e ratifican, unha vez máis, que o financiamento da Lei de dependencia actual non cubre o 50 por

cento, senón que a Xunta está a achegar o 70 por cento e o Estado o restante 30, concretou a conselleira.

Neste sentido, Mato explicou tamén que o investimento realizado polo Goberno central en Galicia nesta materia “é unicamente froito do traballo da comunidade autónoma na atención á Lei de Dependencia”.

Así, apuntou que o financiamento da dependencia ten “dúas fontes de entrada”: o nivel acordado e o nivel mínimo. O nivel mínimo responde “exclusivamente” á capacidade de cada comunidade de introducir dependentes no sistema, mentres que o acordado establécese nos consellos territoriais e constitúe unha cantidade fixa que responde a distintos parámetros.

Ao respecto, lembrou, precisamente, que o nivel acordado diminuíu en 3 millóns de euros este ano, debido a que o novo modelo de financiamento non ten en conta a dispersión poboacional, tal e

como demandou en repetidas ocasións a Xunta de Galicia, xa que esta característica encarece os servizos. Polo tanto, o aumento do financiamento débese ao incremento no nivel mínimo, derivado do importante crecemento no número de persoas dependentes atendidas.

Deste xeito, para compensar a falla de achegas por parte do Goberno central, a Xunta investiu nos últimos catro anos 622 millóns de euros na tramitación da Lei de dependencia, dos que o 77 por cento –479 millóns de euros– corresponden ao financiamento realizado nestes últimos dous anos.

Ademais de abordar o financiamento, Mato fixo referencia tamén aos datos de tramitación. Ao respecto, informou de que nos últimos 24 meses a Xunta foi quen de atender a unha media de 1.200 persoas ao mes, o que supera o ritmo de entrada de solicitudes con dereito que se sitúa ao redor aos 1.100 mensuais. Isto é, nos últimos 24 meses, atendéronse a

máis de 28.000 persoas.

“Estes datos teñen unha lectura rápida”, asegurou Mato, “Se puxeramos o contador a cero o 1 de maio de 2009, a Xunta estaría a dar resposta á demanda existente na actualidade”. Con todo, matizou que hai dous anos só o 35% estaba recibindo algún tipo de atención, polo que o Goberno galego ten agora que compensar esta situación. Actualmente esta cobertura supera o 60%.

Por último, hai que lembrar que a Consellería de Traballo e Benestar está a realizar unha importante aposta pola prestación de servizos de calidade, que crean emprego, fronte á prestación económica, o que supón a necesidade dun investimento maior. Grazas a este esforzo, Galicia sitúase actualmente por riba da media estatal na prestación dos diferentes servizos.

## Un total de 150 concellos xa poden coñecer directamente o estado de tramitación dos expedientes de dependencia

Santiago, 21 de abril de 2011.- O ‘Módulo extranet a concellos’ do Sistema Galego de Atención á Dependencia (SIGAD) permite xa a posta a disposición a 150 corporacións locais da información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema.

Dende a Consellería de Traballo e Benestar estase a traballar especialmente na procura dunha maior e mellor coordinación coas entidades locais no desenvolvemento do SIGAD. Conscientes do papel fundamental dos concellos na súa condición de Administración máis próxima ao cidadán, faise prioritario unha óptima coordinación

entre as dúas administracións co obxectivo dunha xestión máis eficiente e, en definitiva, conseguir ofrecer un mellor servizo ao cidadán.

Así, no pasado mes de novembro presentouse, xunto co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, un documento técnico dirixido aos traballadores de servizos sociais comunitarios e de saúde que pretende ser un elemento útil, eficaz, fiable e eficiente para as xestións que lles son propias dentro do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

A Consellería leva meses traballando na implementación do ‘Módulo extranet a concellos’. Logo de presentar aos traballadores sociais un plan piloto deste módulo,

iniciáronse no ano 2010 os trámites oportunos para a sinatura dos convenios de colaboración entre o departamento autonómico e os 315 concellos de Galicia co obxecto de instrumentar a colaboración entre as dúas administracións e garantir a debida protección dos datos persoais que constan no sistema en cumprimento da Lei orgánica de protección de datos (LOPD).

Así, e logo dunha pilotaxe do módulo para garantir o seu correcto funcionamento, a consellería vén de poñer a disposición o acceso a este módulo para os máis de 150 concellos que, á data actual, teñen todos os trámites cumprimentados, facilitándolle as instrucións necesarias para o acceso á ferramenta, o manual de usuario e un

soporte para resolver, tanto os aspectos relacionados coa conectividade e acceso á aplicación, como en aspectos funcionais.

A creación deste módulo é un paso fundamental para a mellora da comunicación e coordinación entre a Administración autonómica e local, e co que xa dende o seu acceso inicial se poderá informar o cidadán de primeira man sobre o estado de tramitación do seu expediente de dependencia e que os traballadores sociais coñezan as incidencias que se producen nos expedientes por eles inicialmente tramitados.

# Xuventude e voluntariado

## Aberto o prazo de inscrición para os campos de traballo de Galicia, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, ofrece un total de 260 prazas -40 máis que o ano pasado- en 11 campos de traballo de Galicia
- ▶ Ademais, os interesados poderán inscribirse en campos de traballo doutras comunidades autónomas, en concreto, de A Ríoxa, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Ceuta, Extremadura, Madrid, Melilla, Navarra, País Vasco e Valencia
- ▶ Tamén se ofertan prazas en campos de 19 países do estranxeiro

Santiago, 25 de abril de 2011.- O pasado 26 de abril, abriuse o prazo de inscrición para solicitar praza nos campos de traballo que se desenvolven en Galicia, noutras comunidades autónomas e nun total de 19 países do estranxeiro. Esta iniciativa está dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos.

Os campos de traballo son actividades encamiñadas a fomentar a convivencia, a participación e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, a través da colaboración voluntaria en distintos traballos. De feito, estes proxectos poden estar centrados en distintas temáticas. Os campos de traballo que se ofrecen

este ano son: culturais e etnográficos; ambientais; de construción e restauración; sociais e arqueolóxicos.

As inscricións poderanse realizar na propia Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, ou no ben nos servizos de xuventude das xefaturas territoriais, tanto persoalmente ou por teléfono, de luns a venres. A oferta completa pode consultarse no apartado de "Acción de Verán" da web <http://xuventude.xunta.es>.

No que se refire concretamente aos campos de traballo en Galicia, a Xunta oferta un total de 260 prazas

en 11 campos distintos, o que supón aumentar en 40 as prazas dispoñibles con respecto ao ano anterior. Estas prazas van dirixidas a mozos e mozas galegos, doutras comunidades autónomas e, cando o campo de traballo é internacional, para a mocidade de países estranxeiros. Mentres existan vacantes, estas prazas en campos galegos poderanse solicitar ata tres días antes do inicio da actividade.

As actividades desenvolveranse entre os meses de xullo e agosto. Os 11 campos de traballo terán lugar, en distintas quendas, en: Cabana de Bergantiños (A Coruña); Rois (A Coruña); Narón (A Coruña); Palas de Rei (Lugo); Vilar de Barrio (Ourense); Ourense; e Illas Cíes (Pontevedra).

Por outra banda, os campos de traballo para outras comunidades autónomas poderanse solicitar, mentres haxa vacantes, ata o 18 de maio. Así, os interesados terán á súa disposición prazas en: A Ríoxa,

Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Ceuta, Extremadura, Madrid, Melilla, Navarra, País Vasco e Valencia.

Finalmente, para as prazas no estranxeiro, aquelas persoas que queiran participar terán que inscribirse antes do 12 de maio, ou ese mesmo día, sempre que haxa prazas libres. En total, ofértanse prazas en 19 países. En concreto, os países nos que se poderá optar praza son: Alemaña, Armenia, Austria, Corea do Sur, Estonia, Francia, Grecia, Islandia, Italia, Lituania, Marrocos, México, República Checa, Rusia, Serbia, Taiwan, Turquía, Ucraína e Xapón.



## A Xunta pon en marcha o programa "Emprende" para apoiar a mocidade emprendedora de Galicia e norte do Portugal

- ▶ Entre outras accións, creárase un gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras desta euronrexión, e porase en marcha un Servizo de mobilidade xuvenil, para fomentar o intercambio entre as empresas da rexión transfronteiriza
- ▶ Ademais, ao abeiro do "Emprende", desenvolverase a actuación "Emprega Talento", que abrirá "novas vías de cooperación" entre a mocidade e as empresas
- ▶ O programa conta cun orzamento de máis de 720.000 euros
- ▶ Prevese que a través das diferentes medidas de "Emprende" se poidan beneficiar preto de 20.000 mozos e mozas dun e doutro lado da fronteira

Tui (Pontevedra), 29 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha o programa "Emprende", que se desenvolverá durante este ano e 2012, e que ten como obxectivo principal apoiar a mocidade emprendedora

de Galicia e do norte de Portugal. Para conseguilo, a iniciativa disporá dun conxunto de mecanismos destinados ao asesoramento dos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos, "co fin de dinamizar a economía e emprego neste

territorio".

Así o adiantou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, durante o acto de presentación deste proxecto, que tivo lugar en Tui e no que tamén participaron o director do Instituto da Xuventude da

zona norte de Portugal, Vítor Días, e a Secretaria de Estado de Xuventude e Desporto, Pedro Vaz.

Na súa intervención, a conselleira lembrou que este novo programa vén dar o relevo ao que se coñecía anteriormente como





## Xuventude sortea máis de 4.500 prazas dos campamentos de verán para rapaces e rapazas de entre 9 e 17 anos



- ▶ O director xeral da área autonómica, Ovidio Rodeiro, presidiu o reparto das prazas que tivo lugar en Santiago
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar dedicará este ano máis de 3,2 millóns de euros a toda a campaña estival
- ▶ O investimento da Xunta nesta actua-

ción permitirá a contratación de máis dun millar de mozos e mozas

- ▶ A oferta incrementábase nos campos de traballo con motivo da conmemoración do Ano Europeo de Voluntariado, así como nas actividades para maiores de 18 anos

Santiago, 20 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar sorteu as máis de 4.500 prazas que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ofertará este ano en campamentos de verán dirixidos a mozos e mozas de entre 9 e 17 anos. Neste sorteo, tiveron prioridade aqueles que non obtiveron praza no ano anterior.

O responsable da área autonómica, Ovidio Rodeiro, presidiu o acto que se celebrou en Santiago, no edificio administrativo de San Lázaro. Rodeiro explicou que a comunicación do resultado do sorteo exclusivamente dirixido aos campamentos de verán para menores de

18 anos, levouse a cabo vía sms e correo electrónico ao número de teléfono e conta de correo electrónico especificados na solicitude, podendo consultarse así mesmo a información na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net).

O prazo para anotarse aos campamentos, que terán lugar durante os meses de xullo e agosto, rematou o pasado día 22 de marzo. As prazas sorteadas corresponden aos campamentos de verán de Galicia e ás correspondentes a intercambios con outras comunidades autónomas (País Vasco, Aragón, Cantabria, Castela e León, Estremadura, Navarra, e A Ríoxa).

Os participantes nesta iniciativa disporán dun programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo e formativo, aloxamento no albergue, residencia o campamento xuvenil, así como manutención en réxime de pensión completa, atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Rodeiro lembrou que este ano a Xunta investirá máis de 3,2 millóns de euros en toda a campaña de verán dirixida á mocidade galega que, ademais das prazas en campamentos de verán que se sortearon hoxe, tamén inclúe prazas para actividades para maiores de 18 anos; e prazas para campos de traballo.

Ademais, resérvanse prazas para descendentes de galegos e galegas residentes no exterior e para persoas discapacitadas, menores tutelados pola Xunta e fillos e fillas de vítimas da violencia de xénero para que tamén poidan participar nestas actividades.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado incrementará nesta edición a oferta nun 4,5 por cento máis de prazas que en 2010, chegando en 2011 ata as 9.300. Esta oferta permitirá a contratación de máis dun millar de mozos e mozas como monitores de tempo libre.

“Espazo Xuvenil” e que “tivo importantes resultados” coa creación de 10 empresas por parte de mozos. Ademais, mostrou a súa confianza en que este proxecto constituirá “un respaldo moi importante, especialmente nos tempos actuais, para os mozos e mozas portugueses e galegos”.

Mato inscribiu esta nova iniciativa, da que se poderán beneficiar ata 20.000 persoas, no apoio que está a prestar a Xunta a distintos eidos de actuación dirixidos a dinamizar a economía: o apoio aos emprendedores e a difusión dos valores do emprendemento; o fomento da internacionalización das empresas e da mellora da súa competitividade; a formación continua das persoas; e, moi especialmente, “a confianza e o estímulo á xuventude como capital de futuro”.

Este programa, que conta cun orzamento de máis de 720.000 euros, forma parte do Programa

de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, da Unión Europea.

Con respecto ao contido proxecto “Emprende”, a titular do departamento autonómico concretou algunha das actuacións máis destacadas que se levarán a cabo ao abeiro da iniciativa. Entre outras, referiuse á creación do “Gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras transfronteirizas”, que constituirá unha “estrutura de xestión e apoio básico á creación de empresas e emprego”.

Neste sentido, apuntou tamén que este Gabinete conformará, xunto aos informadores xuvenís, o “Observatorio de emprego xuvenil”, desde o que se realizarán informes e estudos da situación.

Ademais, dentro do programa “Emprende”, desenvolverase tamén o “Emprega Talento”. Trátase dunha iniciativa para abrir “novas vías de cooperación entre os mozos e

mozas e as empresas”. En concreto, facilitará formación, habilidades e contactos aos mozos e mozas que teñan iniciativas; ao tempo que servirá tamén aos empresarios que busquen persoal “novo, preparado e con ideas”.

Mato salientou tamén o “Servizo de Mobilidade Xuvenil”, que fomentará o intercambio de experiencias entre as empresas mozas de Galicia e do norte de Portugal, e promoverá a colaboración profesional con empresas na creación de novos produtos e servizos.

A todos estes proxectos, engadíranse –segundo precisou a titular do departamento autonómico– unha serie de accións formativas, tanto presenciais como en liña a través da plataforma de e-learning “Emprendemento Xuventude”. En total, serán 10 cursos de formación en liña, 12 presenciais e 8 xornadas e paneis de experiencia.

Neste ámbito de actuación,

crearánse tamén dous foros de empresarios e asociacións xuvenís, que se celebrarán respectivamente en Galicia e no norte de Portugal. O obxectivo destas actuacións é servir de “vehículo de intercambio” para a posta en común de proxectos e iniciativas, ademais de que, deste xeito, os emprendedores poderán coñecer “de primeira man” as necesidades da xuventude”.

Por último, a conselleira amosou o seu convencemento de que “Galicia e o norte de Portugal conforman un dos territorios con máis posibilidades por explotar e con máis opcións de crecemento futuro”. Ademais, apostou por “impulsar a xuventude, na que está o futuro” e por dotar á mocidade “das ferramentas para que poidan desenvolver os seus proxectos e as súas iniciativas, e para que poidan continuar formándose profesional e laboralmente”.

- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 12, do 19 de xaneiro). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 15 de xaneiro). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 36, do 20 de febreiro). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se lle dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 11, do 16 de xaneiro). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 129, do 3 de xullo). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego,** pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 15 de xaneiro). (DOG nº 65, do 01.04.2011).
- Resolución do 1 de marzo de 2011 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 22 de abril de 2010, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011.** (DOG nº 66, do 04.04.2011).
- Corrección de erros.-Orde do 17 de marzo de 2011** pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 67, do 05.04.2011).
- Corrección de erros.-Orde do 17 de febreiro de 2011** pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 68, do 06.04.2011).
- Orde do 8 de marzo de 2011** pola que se modifican as ordes do 30 de decembro de 2010, polas que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración, respectivamente, coas entidades locais, así como cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 69, do 07.04.2011).
- Resolución do 8 de marzo de 2011** pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais. (DOG nº 69, do 07.04.2011).
- Orde do 30 de marzo de 2011** pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2011, convocadas pola Orde do 30 de decembro de 2010. (DOG nº 70, do 08.04.2011).
- Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade,** pola que

se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 71, do 11.04.2011).

- Corrección de erros.-Resolución do 1 de marzo de 2011 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 22 de abril de 2010, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011. (DOG nº 71, do 11.04.2011).

- Orde do 15 de marzo de 2011 pola que se aproba o procedemento de comunicación electrónica do contido dos contratos de traballo e as súas copias básicas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 72, do 12.04.2011).

- Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2011. (DOG nº 74, do 14.04.2011).

- Corrección de erros.-Orde do 21 de febreiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de

subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 76, do 18.04.2011).

- Corrección de erros.-Orde do 18 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 77, do 19.04.2011).

- RESOLUCIÓN do 11 de abril de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se anuncia a contratación de servizos de formación a coidadores non profesionais dentro do ámbito de aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, polo procedemento negociado con publicidade, e cunha reserva dun lote a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral, segundo o disposto no artigo 35º da Lei 15/2010, do 28 de decembro (DOG nº , do 20.04.2011).

- Resolución do 11 de abril de 2011 pola que se habilitan asesores e/ou avaliadores no marco do

proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 79, do 25.04.2011).

- Orde do 13 de abril de 2011 pola que se regula o exercicio do dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións locais, convocadas para o día 22 de maio de 2011 polo Real decreto 424/2011, do 28 de marzo. (DOG nº 79, do 25.04.2011).

- Resolución do 11 de marzo de 2011 pola que se regulan determinados ficheiros de datos de carácter persoal existentes no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. (DOG nº 80, do 26.04.2011).

- Orde do 4 de abril de 2011 pola que se recoñece a Escola de Tempo Libre Barlovento como escola de tempo libre. (DOG nº 81, do 27.04.2011).

- Resolución do 1 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de xullo de 2010, pola que se establece a convocatoria pública e se regula o procedemento de concesión das subvencións aos/ás traballadores/as excedentes do sector téxtil e da confección con motivo dos cambios estruturais no comercio mundial para o

ano 2010 (Diario Oficial de Galicia número 149, do 5 de agosto). (DOG nº 81, do 27.04.2011).

- Orde do 25 de abril de 2011 pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011. (DOG nº 82, do 28.04.2011).

- Orde do 28 de abril de 2011 pola que se regula a edición electrónica do Diario Oficial de Galicia e se determina a súa posta en funcionamento. (DOG nº 83, do 29.04.2011).

- Resolución do 25 de abril de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se fai pública a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación correspondentes á contratación de servizos de formación a coidadores non profesionais dentro do ámbito de aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, polo procedemento negociado con publicidade, e cunha reserva dun lote a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral, segundo o disposto no artigo 35º da Lei 15/2010, do 28 de decembro. (Expediente 5/2011). (DOG nº 83, do 29.04.2011).

## ANDALUCÍA

- ▶ Orden de 1 de abril de 2011, por la que se aprueban las bases reguladoras de las ayudas sociolaborales destinadas a trabajadores y trabajadoras afectados por expedientes de reestructuración de empresas, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, y se efectúa su convocatoria para el año 2011. (BOJA do 6.04.2011)
- ▶ Resolución de 18 de marzo de 2011, por la que se anuncia la convocatoria para el año 2011 para la solicitud de las subvenciones destinadas a Consorcios Escuelas de Formación para el Empleo participados por la Junta de Andalucía reguladoras en la Orden de 10 de mayo de 2005. (BOJA do 8.04.2011)
- ▶ Orden de 18 de febrero de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a los Colegios Profesionales y Consejos Andaluces de Colegios Profesionales de la Comunidad Autónoma de Andalucía para el desarrollo de actividades de promoción de la prevención de los riesgos laborales y su convocatoria anual. (BOJA do 19.04.2011)
- ▶ Orden de 22 de marzo de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras y la convocatoria de las medidas para facilitar la adaptación de los sectores textil y de la confección, del calzado, curtidos y marroquinería, del mueble y del juguete a los cambios estructurales en el comercio mundial. (BOJA do 20.04.2011)
- ▶ Orden de 23 de marzo de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión del Premio de Investiga-

ción del Consejo Económico y Social de Andalucía. (BOJA do 25.04.2011)

- ▶ Resolución de 12 de abril de 2011, del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se regula la convocatoria para la participación en el Programa de Campos de Trabajo de Servicio Voluntario para Jóvenes 2011. (BOJA do 27.04.2011)
- ▶ Resolución de 13 de abril de 2011, de la Dirección General del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se aprueba el Plan de Formación del Instituto Andaluz de la Juventud para 2011 y se hace pública la oferta de actividades formativas incluidas en el mismo. (BOJA do 27.04.2011)
- ▶ Decreto 97/2011, de 19 de abril, por el que se modifica el Decreto 136/2010, de 13 de abril, por el que se aprueba la estructura orgánica de la Consejería de Empleo y del Servicio Andaluz de Empleo. (BOJA do 29.04.2011)
- ▶ Decreto 102/2011, de 19 de abril, por el que se modifica el Decreto 174/2009, de 19 de mayo, por el que se establece la estructura orgánica de la Consejería para la Igualdad y Bienestar Social. (BOJA do 29.04.2011)

## ARAGÓN

- ▶ Orden de 1 de febrero de 2011, la publicación del anexo de adhesión de la Comunidad Autónoma de Aragón al Convenio de colaboración entre el Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad y MicroBank para realizar actuaciones de promoción y apoyo a la juventud emprendedora y empresaria, enmarcadas en el desarrollo del «Programa de Microcréditos»

INJUVE durante el año 2011. (BOA do 1.04.2011)

- ▶ Ley 9/2011, de 24 de marzo, de mediación familiar de Aragón. (BOA do 7.04.2011)
- ▶ RESOLUCIÓN de 18 de marzo de 2011, del Instituto Aragonés de la Juventud, por la que se convocan plazas para participar en el programa «Actividades en Vacaciones 2011». (BOA do 8.04.2011)
- ▶ Orden de 22 de marzo de 2011, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se modifica la Orden de 7 de noviembre de 2007, que regula el régimen de acceso a los servicios y prestaciones económicas del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA do 13.04.2011)
- ▶ Resolución de 25 de marzo de 2011, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se convocan para el año 2011 las subvenciones para el funcionamiento de las Unidades de apoyo a la actividad profesional en los Centros Especiales de Empleo. (BOA do 13.04.2011)

## ASTURIAS

- ▶ Resolución de 30 de marzo de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas o proyectos en el ámbito de la acogida e integración social de personas inmigrantes dentro del territorio del Principado de Asturias. (BOPA do 7.04.11)
- ▶ Resolución de 5 de abril de 2011, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad,

por la que se autoriza el gasto y se aprueba la convocatoria pública de subvenciones y ayudas a asociaciones de mujeres para programas y actividades para el ejercicio 2011. (BOPA do 12.04.11)

- ▶ Resolución de 5 de abril de 2011, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad, por la que se autoriza el gasto y se aprueba la convocatoria de subvenciones a Entidades Locales para la línea 1.ª «Igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres» para el año 2011. (BOPA do 12.04.11)
- ▶ Resolución de 30 de marzo de 2011, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad, por la que se autoriza el gasto y se aprueba la convocatoria de ayudas a personas emigrantes retornadas para el año. (BOPA do 14.04.11)
- ▶ Resolución de 7 de abril de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de actuaciones en el ámbito del voluntariado. (BOPA do 15.04.11)
- ▶ Resolución de 8 de abril de 2011, de la Consejería Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan subvenciones a favor de asociaciones y entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de actuaciones en el ámbito del voluntariado. (BOPA do 21.04.11)
- ▶ Resolución de 7 de abril de 2011, de la Consejería de Industria y Empleo, por la que se convoca el «VIII premio a las buenas prácticas en la Gestión de Recursos Humanos en la Empresa (año 2011)». (BOPA



do 19.04.11)

- ▶ Resolución de 4 de abril de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas individuales a personas mayores y personas con discapacidad. (BOPA do 25.04.11)

- ▶ Resolución de 14 de abril de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan ayudas individuales a personas mayores y personas con discapacidad. (BOPA do 25.04.11)

- ▶ Resolución de 4 de abril de 2011, de la Consejería de Industria y Empleo, por la que se aprueban las bases que han de regir la convocatoria pública de subvenciones destinadas al desarrollo de proyectos de investigación industrial o aplicada, desarrollo tecnológico e innovación en materia de prevención de riesgos laborales. (BOPA do 25.04.11)

- ▶ Resolución de 4 de abril de 2011, de la Consejería de Industria y Empleo, por la que se aprueban las bases que han de regir la convocatoria pública de subvenciones para actuaciones de interés en materia de seguridad y salud laboral. (BOPA do 25.04.11)

- ▶ Decreto 29/2011, de 13 de abril, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley del Principado de Asturias 4/2005, de 28 de octubre, de Salario Social Básico. (BOPA do 27.04.11)

- ▶ Resolución de 8 de abril de 2011, del Servicio Público de Empleo, por la que se convocan ayudas individuales destinadas a personas desempleadas para facilitar la conciliación

de la vida familiar con la participación en programas para el fomento del empleo. (BOPA do 27.04.11)

- ▶ Resolución de 1 de abril de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas dirigidos a personas mayores. (BOPA do 29.04.11)

- ▶ Resolución de 14 de abril de 2011, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por lo que se convocan subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los servicios sociales especializados dirigidos al colectivo de personas mayores. (BOPA do 29.04.11)

